


**CICLO
CINEMA
LUSO-
GALEGO
MULLERES
PATRIMONIOS
SOCIEDADE**

**BRAGA//
3+10+17//
MAIO//2018**



Universidade do Minho



Universidade do Minho



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ciclo de Cine Luso-Galego

mulleres, patrimónios, sociedade

Sinopse

Este **ciclo de cine luso-galego** tem como obxectivo promover o intercambio cultural entre Galicia e o norte de Portugal. A primeira edición, centrada fundamentalmente no cine galego e de fronteira, celebrárase na cidade de Braga onde se localiza o Centro de Estudos Galegos, un dos colaboradores do mesmo e promotores iniciais da iniciativa. Para tal fin, e coa vontade de establecer lazos que conecten ambas realidades, escollemos tres fíos conductores, interrelacionados entre si, que remiten a temáticas transversais e, polo tanto, que procuran unha difusión de amplo espectro da actividade que entronca con diferentes aspectos que son de plena actualidade e preocupación social: a situación social das mulleres, as sociedades rurais, o seu empoderamento e a súa relación co patrimonio.

Propoñemos un ciclo estruturado en tres xornadas nas que se proxecte un ou varios materiais audiovisuais, seguidos dun debate-coloquio no que se contará coa participación dos directores/as, o público e unha figura representativa de algunha das institucións organizadoras. As institucións implicadas son (i) **Universidade do Minho** (UMinho), a través da Vicerrectoría da Cultura e Sociedade e o Centro de Estudos Galegos, (ii) ó **Consello da Cultura Galega** e (iii) á **Xunta de Galicia**, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A nosa intención é que este ciclo teña continuidade, establecendo unha edición anual a ambos lados da fronteira, en Portugal centrado no cine galego, e en Galicia centrado no cine portugués.

Obxectivos

- Difundir o patrimonio lingüístico de Galicia no norte de Portugal.
- Promover o intercambio lingüístico-cultural a través das reflexións que poidan xurdir no debate previsto despois de cada proxección. A actividade procura ser unha transferencia cultural transfronteiriza de ida e volta.
- Difundir o patrimonio cultural galego así como a súa relación coa sociedade, servíndose das posibilidades que ofrece o soporte audiovisual.
- Visibilizar a realidade galega ofrecendo unha visión positiva e punteira de produtos culturais que se están xestando no panorama actual. Para tal fin, fixemos unha selección de proxeccións que abrangue diversos xéneros -documental, curtametraxes e longametraxes- e que na súa totalidade tiveron impacto na sociedade galega, tanto polo recoñecemento público como por obteren diferentes premios nacionais e internacionais.
- Visibilizar e promover a reflexión sobre temáticas sociais de relevancia transversal e, polo tanto, de grande interese no ámbito galego e tamén no portugués. Trátase de tres xornadas que procuran poñer en valor a figura das mulleres, reflexionar sobre as sociedades rurais e visibilizar o patrimonio, destacando as posibilidades de interacción coa sociedade.

- Poñer en valor o traballo do Centro de Estudos Galegos da UMinho, incluíndo esta actividade no seu programa anual.
- Promover a colaboración entre institucións portuguesas e galegas, reservándolle a cada unha delas un papel relevante no ciclo en termos de participación, acollemento, financiamento e condución dos diferentes eventos ou actividades.

Programa:

Consta de tres xornadas que focalizan sobre unha liña temática específica –mulleres, patrimonio, e sociedade- a través de diferentes tipos de audiovisuais -curtametraxes, documental ou longametraxe. As xornadas propostas son 3, 10 e 17 de maio, as proxeccións comezarán ás 21.30 da noite.

Día 1. Mulleres

Día de celebración: xoves 3 de maio

Inauguración da actividade: 21.30

Rui Vieira de Castro, Reitor da Universidade do Minho (Braga, Portugal)

Ramón Villares, Presidente do Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela, España)

Inicio das sesión de cinema-coloquio: 22.00

Incluimos un conxunto de dúas curtametraxes que teñen como protagonistas diferentes mulleres e a súa relación co mercado laboral, a paisaxe galega e a sociedade/medio rural. A xornada será conducida por unha figura representativa do Consello da Cultura Galega, encargada de presentar as proxeccións e moderar o coloquio-debate cos directores/as das mesmas, María Xosé Porteiro, coordinadora da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega; e con Carla Cerqueira do Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS da UMinho). As curtas seleccionadas son *Matria* de Álvaro Gago e *As vacas de Wisconsin* de Sara Traba.

Matria (2017)

Director:

Álvaro Gago

Duración: 21'

Sinopse:

Ramona vive co seu marido, con quen apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante os desafíos que lle presenta a súa rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que a une á súa filla e á súa neta.

Galardóns:

- Sundance Film Festival, 2018 - Short Film Grand Jury Prize
- Clermont-Ferrand Int. Short Film Festival, 2018
- Valladolid Int. Film Festival (Seminci, 2017) - Best Spanish Short Film
- ALCINE (Festival Int. de Alcalá de Henares, 2017) - Best Film & Best Actress



- Festival Int. de Aguilar del Campoo, 2017 - Best Film & Best Actress
- Festival de Cine Int. de Cartagena 2017 - Best Director
- VIA XIV - Festival Int. de Cortometrajes de Verín - Best Director
- Zubroffka Int. Short Film Festival 2017
- Vilnius Int. Film Festival, 2018
- Cineuropa (Santiago de Compostela, 2017)
- Concurso Nacional de Cortometrajes CreatRivas, 2018
- SACO, Semana del Audiovisual Contemporáneo de Oviedo, 2018
- MESTRE MATEO, mellor curtametraxe, 2018

Trailer: <https://vimeo.com/236112975>

As vacas de Wisconsin (2016)

Directora:

Sara Traba

Duración: 16'

Sinopse:

Unha avoa vive nunha aldea galega coa súa vaca, que xa non lle dá leite. Un día, nunha tenda, escoita na televisión que a Universidade de Wisconsin descubriu que as vacas dan máis leite se escoitan música sinfónica. A partir de aquí inicia unha aventura na procura de música clásica para a súa vaca.

Galardóns:

- 23º Festival Ibérico de Cine (FIC): Premio á Mellor Curtametraxe e Mellor Dirección, 2017
- Primer premio da sexta edición do festival Mostremp, de curtas de temática rural, 2017
- Premio RTVE ao mellor curtametraxe de Escola de Cine Hispasat4Kfest, 2017
- FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE PIÉLAGOS – FICPI, 2017, Mellor Actuación Feminina e Mellor Curtametraxe do Xurado Xoven
- Avilés Acción Film Festival, 2017, Mellor Actriz e Mellor Guión

Trailer: https://www.youtube.com/watch?v=_DCFVi-zjfo



Día 2. Patrimonios

Día de celebración: xoves 10 de maio

Inicio das sesión de cinema-coloquio: 21.30

Incluimos dous documentais centrados na tematización do patrimonio galego, particularmente o patrimonio arqueolóxico, na socialización do mesmo e no empoderamento das comunidades locais rurais que o asumen como herdanza. A xornada será conducida por unha figura representativa da Universidade do Minho no ámbito do patrimonio, o Luís Fernando Oliveira Fontes (Unidade de Arqueologia, UMinho), e por outra representativa do ámbito audiovisual galego, Beli Martínez (Universidade de Vigo). Os documentais seleccionados son *As pedras San Lourenzo* de Manuel Gago e *Mulleres da Raia* de Diana Gonçalves.

As pedras de San Lourenzo (2016)

Director: Manuel Gago

Duración: 31'15'


Sinopse: Trátase dun proxecto levado a cabo en Cereixa (A Pobra do Brollón, Lugo) co que se trata de subverter a falsa dicotomía entre comunidade e arqueoloxía explorando o proxecto do Castro de San Lourenzo.

Galardóns:

- Viriato de oro na categoría de Documentais do II Festival de Cine Arqueolóxico de Castilla y León, 2017

Enlace para a visualización do documental:

https://www.youtube.com/watch?v=Wi7Q_DJ5aD8



Mulleres da raia (2009)

Directora:

Diana Gonçalves

Duración: 42'

Sinopse:

Unha viaxe ás fronteiras do Norte de Portugal e Galicia transpórtanos ao noso pasado máis recente, o contrabando local e a emigración clandestina eran prácticas habituais nestas terras aproveitando a cercanía do país veciño.

A raia, como popularmente coñécese á fronteira, garda unha historia de loita diaria pola supervivencia e a suas mulleres son testigos.

Galardóns:

- Accésit Especial. ESPIELLO. MUESTRA DE DOCUMENTAL ETNOGRÁFICO. (1-9 Abril 2011). Sección Competitiva. (Boltaña, Huesca, SPAIN)
- FILM DIRECTING FOR WOMEN. (9-12 Setembro 2010). Sección Oficial. (LONDON, ENGLAND)
- PREMIO MESTRE MATEO MELLOR DOCUMENTAL 2009 DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL. (15 Abril 2010)
- FIKE FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTA METRAGENS DE ÉVORA. (23 Novembro-1 Dezembro 2009). Secção Oficial. (PORTUGAL)
- FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE. (10-17 Outubro 2009) OURENSE. Sección Panorama Galicia. (SPAIN)
- Prémio Cinema Minhoto. FILMINHO Festival Cinema Galego e Português (15-19 Julho 2009) V.N.CERVEIRA e GOIÁN. (PORTUGAL-SPAIN)
- CINESUL FESTIVAL IBEROAMERICANO DE CINEMA (15-28 Junho 2009) RIO DE JANEIRO. Secção Oficial. (BRAZIL)
- Prémio da Imprensa para o Melhor Filme. CAMINHOS DO CINEMA PORTUGUÊS (18-26 Abril 2009) COIMBRA. (PORTUGAL)
- PLAY-DOC International Documentary Film Festival (18-22 Marzo 2009) TUI. Sección Informativa. (Estreno) (SPAIN)

Enlace para a visualización do documental:

<https://www.youtube.com/watch?v=Zq-TT1AbPFk>



Día 3. Sociedade

Día de celebración: xoves 17 de maio

Inicio das sesión de cinema-coloquio: 21.30

Incluimos unha longametraxe cuxa protagonista é a colectividade, a sociedade e a memoria dun espazo da fronteira luso-galaica: “Cada diálogo en ese pueblo gallego es una metáfora que aborda todos los temas fundamentales de la actual sociedad moderna. Desde el individualismo frente a el colectivismo hasta la modificación del orden del mundo y la destrucción del planeta” (<http://www.filmdreams.net/2013/09/arraianos-2012.html>). A xornada será conducida por Cristina Sánchez-Carretero antropóloga do Instituto de Ciencias de Patrimonio do CSIC (Santiago de Compostela), así como Isabel Moreira Macedo do Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS da UMinho). A longametraxe seleccionada foi Arraianos de Eloy Enciso.

Arraianos (2012)

Director:

Eloy Enciso

Duración: 70'

Sinopse:

Neste retrato sobre un pequeno lugar perdido nos bosques entre Galicia e Portugal, o Couto Mixto, momentos de ficción conviven co cotián dos seus habitantes, os arraianos, agora actores que representan a súa propia vida. Realidade, mitos e sonos fúndense neste film libremente inspirado na obra “O bosque” do dramaturgo Jenaro Marinhas del Valle. Unha película sobre o tempo, a memoria e la musicalidade da palabra.

Algúns galardóns:

- Premio Las Nuevas Olas do Festival de Cine de Sevilla, 2012
- Gran Premio “Vanguardia y Género” en BAFICI, 2013
- Premio de la Crítica al Nuevo Talento D’A, 2013

Trailer:

<https://www.youtube.com/watch?v=-Cxzu30FJ14>



Coordinación

Noemí Basanta Llanes (Centro de Estudios Galegos, Universidade do Minho, Braga)

Licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa pola USC, obtivo o grao de Licenciatura coa memoria titulada "Lingua e xénero na conversación". Realizou o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas na mesma universidade. Foi persoal contratado no Instituto da Lingua Galega dentro do proxecto CORILGA e o Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega. Na actualidade, é lectora de

galego na UMinho e realiza a súa tese de doutoramento sobre a construción discursiva das identidades de xénero e sexualidade en conversas espontáneas.

Rebeca Blanco-Rotea (Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela e Unidade de Arqueología da UMinho)

Doctora en Arqueoloxía pola Universidade do País Vasco. Investigadora posdoutoral contratada na Universidade de Santiago de Compostela, de estadia na Unidade de Arqueología da Universidade do Minho. Investigadora Colaboradora do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC e Pos-Doc Member do LAB2PT (Landscapes, Heritage and Territory Laboratory) da UMinho. A súa actividade investigadora céntrase nas paisaxes fortificadas de época moderna e na arquitectura eclesiástica altomedieval, na metodoloxía arqueolóxica e na socialización do patrimonio.

É membro do Consello de Redacción da revista do CSIC *Arqueología de la Arquitectura* e do Consello Asesor da Revista del CSIC *Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio (CAPA)* e da revista *Nailos (APPIA)*. É membro do Plenario do Consello da Cultura Galega, onde coordina a Sección de Patrimonio e Bens Culturais.

Condutores e condutoras das tres xornadas

María Xosé Porteiro (Consello da Cultura Galega)

Licenciada en Publicidade, xornalista, escritora e política. Traballou en *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Vigo*, *Radio Popular*, *La Voz de Galicia*, *Tiempo* e *El País*. Así mesmo, foi xefa de prensa do Concello de Vigo e directora de INCOLSA, do Museo del Ferrocarril de Madrid e da Dirección de Comunicación da Fundación de los Ferrocarriles Españoles. Ademais, ten publicado narrativa e ensaio.

Foi concelleira en Vigo, parlamentaria galega, deputada no Congreso dos Deputados, membro das Asambleas Parlamentarias do Consello de Europa e da Unión Europea Occidental, e delegada de Galicia no Exterior. Ten a Encomenda ao Mérito Civil. É membro do Plenario do Consello da Cultura Galega, onde coordina a Comisión de Igualdade e é membro da Comisión de Acción Exterior.

Carla Cerqueira (CECS, UMinho)

Nota biográfica da Carla Cerqueira:

Carla Cerqueira é doutorada em Ciências da Comunicação - especialidade de Psicologia da Comunicação pela Universidade do Minho. Atualmente é bolsista de pós-doutoramento em Ciências da Comunicação da Fundação para a Ciência e a Tecnologia, com um projeto que cruza a cobertura jornalística dos temas de género com as estratégias de comunicação das ONG da área

da cidadania e igualdade de género. É investigadora do Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (CECS), onde tem estado envolvida em projetos e iniciativas na área dos estudos de género, diversidade e média. É também nestas áreas que tem publicado em livros e revistas nacionais e internacionais, orientado teses e organizado os mais diversos eventos científicos. Das suas mais recentes publicações destacam-se o livro *De outro género: propostas para a promoção de um jornalismo mais inclusivo* (2014), do qual é co-autora, *Gender in Focus: (new) trends in media* (2016) e *Vozes Plurais: a comunicação das organizações da sociedade civil*, dos quais é co-editora.

Foi vice-coordenadora da secção de Género e Comunicação da Associação Europeia de Investigação em Educação e Comunicação (ECREA). Integra a Rede Internacional de Jornalistas com Perspetiva de Género e a Rede GAMAG - Global Alliance on Media and Gender, fazendo parte da equipa de Research & Policy. Além disso, participa em várias organizações científicas e não-governamentais na área dos direitos humanos, igualdade de género e feminismos. Integra o Conselho de Opinião da RTP em representação das ONG do Conselho Consultivo da CIG - Comissão para a Cidadania e a Igualdade de Género. É também Professora Auxiliar na Universidade Lusófona do Porto.

Luís Fernando de Oliveira Fontes (Unidade de Arqueologia, UMinho)

Nasceu em São Paulo (Brasil) em 7 de dezembro de 1959. Logo em 1961 regressou a Portugal, fixando-se na cidade de Braga.

É doutorado em Arqueologia (Paisagem e Povoamento) pela Universidade do Minho (Braga). Diretor de projetos na Unidade de Arqueologia da Universidade do Minho e Membro Integrado do Lab2PT/Laboratório Paisagens, Patrimónios e Territórios (ICS/UMinho), desenvolvendo atividade no domínio das Paisagens e Povoamentos Antigos; Arquiteturas Medievais e Modernas; Evolução das Formas Urbanas; Valorização do Património Cultural, tendo sido responsável pelos centros de interpretação do PAVT (Parque Arqueológico do Vale do Terva; Boticas), do Castelo de Lindoso (Ponte da Barca) e do Núcleo Museológico de Dume (Braga).

É ainda diretor da revista em linha *Trabalhos Arqueológicos da U.A.U.M. / MEMÓRIAS*; Membro do Painel de Avaliação da Direção Geral do Património Cultural, para os PIPA (Projetos Plurianuais de Investigação em Arqueologia); Membro Executivo do Comité Científico do Centro de Estudos do Românico e do Território e Membro da Comissão Científica da *Urbs Regia-Orígenes de Europa/Itinerário Cultural Europeu*.

Como atividade secundária dedica-se à fotografia, tendo sido fundador e diretor dos *Encontros da Imagem – Festival Internacional de Fotografia de Braga*.

Beli Martínez (Universidade de Vigo)

Doutora en comunicación audiovisual é produtora de longametraxes como *Arraianos de Eloy Enciso*. No ano 2011 produce *Vikingland*, de Xurxo Chirro, estreada en FID Marseille e que foi escollida como unha das mellores películas do ano por crítica e medios como *Cahiers du Cinéma Francia*. En 2013 produce a seguinte longametraxe de Xurxo Chirro *Une histoire seule* presente en numerosos festivais como Mar del Plata IFF, ademais de formar parte do ciclo *Un impulso colectivo* comisariado por Carlos Losilla. En 2014 estrea *Jet Lag*, de Eloy Domínguez. No 2016 comisaria xunto con Xisela Franco Cinema e muller proxecto que en colaboración coa Deputación de Pontevedra trata de visibilizar ás mulleres realizadoras da provincia.

Ademais é responsable de Proxecto Socheo, iniciativa de arquivo audiovisual da Guarda, considerado como exemplo de boas prácticas pola Unión Europea no encontro de *Grand Treasures* celebrado en Estonia en 2013, e que obtivo o recoñecemento do Ministerio de Educación ao gañar o Premio de alfabetización audiovisual en colaboración co IES A Sangriña. Tamén ten desenvolto a coordinación de actividades de Curtocircuíto dende o 2013 así como é programadora de Play Doc. Beli Martínez compaxina a produción coa docencia na Universidade de Vigo e no IES Audiovisual de Vigo.

Cristina Sánchez-Carretero (Instituto de Ciencias do Patrimonio, CSIC)

Cristina Sánchez-Carretero é antropóloga, doutora pola Universidade de Pennsylvania. Actualmente é científica titular do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), onde coordina a especialidade de antropoloxía. A súa investigación céntrase nos procesos de patrimonialización nas sociedades contemporáneas; conflito e patrimonio; estudo de novos rituais de duelo; e a intersección entre os procesos migratorios e a revitalización de prácticas relixiosas. Entre os seus libros destacan *Heritage, Pilgrimage and the Camino to Finisterre: Walking to the End of the World* (Amsterdam: Springer, 2015), *Grassroots Memorials. The Politics of Memorializing Traumatic Death* (Oxford: Berghahn, 2011), editado xunto con Peter Jan Margry, *El Archivo del Duelo. Análisis de la respuesta ciudadana ante los atentados del 11 de marzo en Madrid* (Madrid: CSIC, 2011).

Isabel Macedo (CECS, UMinho)

Isabel Macedo é doutorada em Estudos Culturais pela Universidade do Minho e Universidade de Aveiro, na área da Comunicação e Cultura. A sua tese de doutoramento intitula-se "*Migrações, memória cultural e representações identitárias: a literacia fílmica na promoção do diálogo intercultural*", projeto financiado pela Fundação para a Ciência e Tecnologia. É investigadora do Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade e integra várias associações nacionais e internacionais na área da comunicação, da educação e da cultura visual. É cocoordenadora do

Grupo de Trabalho em Comunicação Intercultural da SOPCOM. Foi membro da equipa do projeto internacional “Social psychological dynamics of historical representations in the enlarged European Union” (COST Action IS 1205, 2013-2016) e do projeto de investigação “Narrativas identitárias e memória social: a (re)construção da lusofonia em contextos interculturais”. Integrou a comissão organizadora de vários eventos científicos e culturais nacionais e internacionais. Os seus principais interesses de investigação conjugam as áreas dos média, da memória cultural, das representações identitárias e da comunicação intercultural. Publicou vários artigos em revistas nacionais e internacionais. É editora do número 2 da vista - revista de cultura visual, sobre o tema "Memória Cultural, Imagem e Arquivo". Algumas dos seus principais trabalhos são: “Representations of Dictatorship in Portuguese Cinema” (2017), em co-autoria; “Interwoven migration narratives: identity and social representations in the Lusophone world” (2016), em co-autoria, e “Os jovens e o cinema português: a (des)colonização do imaginário?” (2016).

Institucións colaboradoras e patrocinadoras do ciclo de cine Galego

Vice-reitoria de Cultura e Sociedade, Universidade do Minho

Consello da Cultura Galega

Centro de Estudos Galegos, Universidade do Minho

Secretaría Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia



Universidade do Minho



CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS

Universidade do Minho



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística